

PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 22-02-2023, ditou a resolución con número 490/2023 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN

LISTAXE DE SUBSTITUCIÓNS COA CATEGORÍA PROFESIONAL DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO. RESOLUCIÓN DE DESEMPATES ENTRE OS ASPIRANTES QUE SUPERARON O PROCESO SELECTIVO (2022/E001/000019).

Antecedentes.

Primeiro.- Por resolución da alcaldía número 3412/2022, do 15/11/2022 aprobáronse as bases da convocatoria para a formación dunha listaxe de persoas candidatas para a provisión interina ou temporal de auxiliar administrativo, mediante o sistema de concurso-oposición. A dita convocatoria foi publicada no BOP nº 220, do 21/11/2022.

Segundo.- Por resolución da alcaldía núm. 3412/2022, do 15/11/2022, aprobouse a listaxe definitiva de aspirantes admitidos e excluídos no devandito proceso, e procedeu á designación do Tribunal, e á fixación da data do primeiro exercicio da fase de oposición do proceso, que tivo lugar o día 17/01/2023.

Terceiro.- Con data 08/02/2023 publicouse, no taboleiro de edictos e na web municipal, o anuncio cos resultados definitivos da fase de oposición, e dos resultados provisionais da valoración dos méritos na fase de concurso, abríndose con esta publicación un prazo de tres días hábiles para a presentación de alegacións contra da valoración provisional dos méritos.

Cuarto.- Con data 13/02/2023 tivo lugar unha reunión do tribunal seleccionador no transcurso da cal se resolveron as alegacións presentadas polos aspirantes. Así mesmo, e de conformidade coas bases da convocatoria, o tribunal traslada á Alcaldía, as puntuacións obtidas polos aspirantes.

Non obstante, o tribunal non eleva unha proposta da listaxe de substitucións ante a imposibilidade de resolver tódolos empates habidos unha vez esgotados os criterios establecidos na base 7ª das bases reguladoras da convocatoria. Así mesmo, o tribunal, a modo de mera suxestión, propón á Alcaldía que decida a realización dun sorteo público cada vez que exista un empate entre candidatos, para proceder ao chamamento,

Consideracións xurídicas

A base sétima da resolución da alcaldía número 3412/2022, pola que se aprobaron as as bases da convocatoria para a formación dunha listaxe de persoas candidatas para a provisión interina ou temporal de auxiliar administrativo, establece o seguinte:

“SÉTIMA.- CONTIDO DO PROCESO SELECTIVO, FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE/ CUALIFICACIÓN.

7.4.- Cualificación final e aprobación da listaxe de substitucións.

Á cualificación obtida polos aspirantes na fase de oposición, sumaráselle a puntuación obtida na fase de concurso, acadándose así a puntuación final. Determinada a cualificación final dos aspirantes o tribunal fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación no taboleiro de anuncios da corporación e, no seu caso, na páxina web municipal (www.carballo.gal), e elevará á Alcaldía proposta de aprobación de listaxe de substitucións.

De producirse empate na puntuación final, computadas as dúas fases, e para determinar a orde de prelación, para dirimir o empate teranse en conta as puntuacións parciais acadadas no proceso selectivo, pola orde de preferencia

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



2022/E001/000019
Exp. 2023/G003/000512

seguinte: en primeiro lugar, a puntuación da fase de oposición, e a continuación a do concurso; e de persistir o empate, as puntuacións obtidas en cada apartado e subapartado, pola orde en que se reflicta nas respectivas fases.

A listaxe de substitucións aprobarase mediante Decreto da Alcaldía de conformidade coa a proposta feita polo Órgano de Selección e publicarse no taboleiro de anuncios do Concello e na web municipal.

Contra a resolución aprobatoria da lista, que esgotará a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo, segundo o disposto na normativa vixente.

Conclusións.

1) A pesares dos criterios establecidos nas bases, estes non foron suficientes para resolver tódolos empates entre as puntuacións dos aspirantes,

2) A normativa de aplicación na selección dos empregados públicos non ofrece un criterio obxectivo que permita resolver tódolos desempates acaecidos habidos na listaxe de puntuacións que o tribunal traslada a alcaldía, non sendo de utilidade neste caso o criterio de infrarrepresentación do sexo feminino previsto no artigo 37 da Lei 7/2004.

3) Por tanto, de conformidade coa suxestión do tribunal en acta do 13/02/2023, procédase a resolver o desempate en sorteo público que terá lugar o xoves 23 de febreiro de 2023, no salón de Plenos deste concello de Carballo.

De acordo coas atribucións que confire á Alcaldía o artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO:

Primeiro.- Ordenar a dous funcionarios de carreira deste concello para que procedan, en sorteo público, a resolver tódolos empates producidos na puntuación final da listaxe de persoas candidatas para a provisión interina ou temporal de auxiliar administrativo, unha vez sumadas as fases de oposición e concurso de méritos.

Segundo.- O sorteo público terá lugar o xoves **23 de febreiro de 2023, ás 9:30 h**, no salón de Plenos deste concello de Carballo.

Terceiro.- Realizado o sorteo público a Alcaldía aprobará a listaxe de substitucións para a provisión interina ou temporal de auxiliar administrativo en función dos resultados do citado sorteo

Cuarto.- Publíquese esta resolución no taboleiro de anuncios

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

Secretario

Evencio Ferrero Rodríguez

Miguel Piñeiro Souto

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



2022/E001/000019
Exp. 2023/G003/000512

entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretario

Miguel Piñeiro Souto